



CONCELLO DE PADRÓN



EXCMA. DEPUTACION
PROVINCIAL DA
CORUÑA



Número 158/2016

**CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN AO SISTEMA DE
ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA.**

A Coruña, a 18 de outubro de 2016

REUNIDOS:

Dunha parte Xesús Soto Vivero, Deputado de Contratación, Patrimonio e Equipamento, en virtude da Resolución da Presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área e

Doutra parte D. Antonio Fernández Angueira, Alcalde-Presidente do Concello de Padrón

Ambas as dúas partes recoñécense, na representación que teñen, capacidade bastante para asinar o presente **CONVENIO DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**, e para obrigar nos seus termos á persoa xurídica que representan.

En virtude diso,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Deputación Provincial da Coruña por acordo do Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Cen-



CONCELLO DE PADRÓN



EXCMA. DEPUTACION
PROVINCIAL DA
CORUÑA



tral de Contratación coa fin de dar servizo ás entidades locais da provincia e entes instrumentais delas dependentes e, no seu caso, aos diferentes departamentos e servizos da Deputación provincial e os seus entes instrumentais.

Segundo: Que coa creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, preténdese lograr as condicións económicas máis vantaxosas e a consecuente redución do gasto público dos entes adheridos ao sistema de contratación centralizada que se articula e, ao tempo, simplificar a tramitación administrativa na adquisición de bens e servizos, potenciando, á vez, a transparencia e seguridade na contratación. Trátase de facilitarlles ás entidades locais da provincia e os seus entes instrumentais, a adquisición de bens e tramitación da contratación dos servizos que lles sexan necesarios, articulando un sistema áxil, que permita a minoración de tempos de adquisición e simplifique a súa tramitación, dando así cumprimento á obrigaición de colaboración da institución provincial cos entes locais do seu territorio.

Terceiro: Que o Concello de Padrón por acordo do Pleno da Corporación de data 31 de marzo de 2016, acordou a adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña..

En consecuencia, as persoas que rubrican acordan asinar o **presente CONVENIO DE ADHESIÓN** conforme as seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente CONVENIO é a adhesión do Concello de Padrón á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que poderá, por tanto, efectuar as subministracións de bens e contratación de obras ou servizos a través



CONCELLO DE PADRÓN



EXCMA. DEPUTACION
PROVINCIAL DA
CORUÑA



da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas condicións e prezos vixentes nos contratos subscritos por esta, coas empresas adxudicatarias no momento da adquisición dos bens ou contratación dos servizos.

Esta adhesión non supón a obrigaón de efectuar todas as contratacións ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que o Concello de Padrón poderá optar por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.

Non obstante a adhesión individualizada aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións polo Concello de Padrón si terá carácter obrigatorio e non poderá, en consecuencia, efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados acordos marco ou contratos á marxe destes.

SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. A Central de Contratación informará ás entidades locais dos correspondentes acordos marco, contratos ou outras licitacións que celebre, e solicitaralles a adhesión individualizada a cada un deles, que será voluntaria para as ditas entidades.
2. A Central de Contratación informará as condicións dos acordos marco, contratos e outras licitacións, tales como empresa ou empresas adxudicatarias, prezo ofertado, prazos de entrega e en xeral calquera aspecto relevante, así como todas as modificacións que poidan ter durante a súa vixencia.



CONCELLO DE PADRÓN



EXCMA. DEPUTACION
PROVINCIAL DA
CORUÑA



3. Tamén se obriga á publicación dos acordos marco, contratos e outras licitacións na páxina web da Central de Contratación.
4. Tramitación dos pedidos de subministración ou de prestacións de servizo efectuadas polas distintas entidades locais.
5. Adoptar as medidas oportunas en caso de incumprimento total ou parcial por parte das empresas adjudicatarias, mesmo tramitar expedientes de imposición de penalidades ou de resolución de contratos.

TERCEIRA.- OBRIGACIÓNS DA ENTIDADE LOCAL

Son obrigacións do Concello de Padrón as seguintes:

- 1.- Indicar os cargos que, en virtude das súas competencias en materia de contratación e aprobación do gasto, deben subscribir as peticións de subministracións ou prestacións de servizos, para que poidan ser tramitadas pola Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, especificando, igualmente, ademais das circunstancias de denominación da entidade, dirección, teléfono, fax e persoa responsable e o correo electrónico de contacto.
- 2.- Formular as peticións de subministración de bens ou de prestación de servizos, no modelo que aprobará por resolución a tal fin, a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, logo da autorización previa e disposición do gasto.
- 3.- Pór en coñecemento da Central de Contratación, as demoras nos prazos de entrega, defectos nos bens fornecidos ou na prestación de servizos, ou calquera outro



CONCELLO DE PADRÓN



EXCMA. DEPUTACION
PROVINCIAL DA
CORUÑA



incumprimento total ou parcial relacionado co obxecto do contrato, para a adopción das medidas oportunas pola Central de Contratación.

4.- Efectuar a recepción dos bens fornecidos e dos servizos prestados, os cales deberán coincidir coas características e prezos cos que figuran na correspondente petición, así como o aboamento do prezo e, eventualmente, dos xuros de mora e das posibles revisións, que se fará efectivo conforme as previsións establecidas no artigo 216 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público.

CUARTA.- VIXENCIA DO PRESENTE CONVENIO

O período de vixencia do presente CONVENIO será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa formalización, e poderase prorrogar automaticamente por igual período de tempo, se non existise denuncia deste por algunha das partes, logo da comunicación previa á outra con polo menos tres meses de antelación.

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das condicións por algunha delas.

Non obstante o anterior, as partes poderán denunciar en calquera momento o acordo de adhesión logo da comunicación previa efectuada, polo menos, con tres meses de antelación.

Nos supostos de resolución, incluída a expiración por denuncia, os efectos da extinción quedarán en suspenso ata que teña lugar a recepción e total aboamento das



CONCELLO DE PADRÓN



EXCMA. DEPUTACION
PROVINCIAL DA
CORUÑA



subministracións ou servizos solicitados pola Central de Contratación da Deputación da Coruña a instancia do Concello de Padrón.

SEXTA.- RESOLUCIÓN DE LITIXIOS

As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade asinano en exemplar cuadriplicado, as persoas que interveñen, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE, P.D.
O DEPUTADO CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E EQUIPAMENTO

Asdo: Xesús Soto Vivero

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE PADRÓN

Asdo: Antonio Fernández Angueira

A CORUÑA 9 DE NOVIEMBRE DE 2016

EL SECRETARIO GENERAL,

José Luis Almar Supervía